

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 21 de maio de 2026 **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico

LETERMOVIR

nas seguintes indicacións e de acordo cos criterios que se detallan a continuación:

1. Profilaxe da reactivación do citomegalovirus (CMV) e da enfermidade causada por CMV en transplante alogénico de células nai hematopoéticas,

En:

1. Pacientes adultos (> 15 anos)
3. Receptores dun transplante alogénico de células nai hematopoéticas (TCMH)
4. Con un ou máis factores de alto risco de reactivación para CMV:
 - Doante emparentado con a lo menos unha discordancia en un dos locus HLA (HLA-A, -B ou -DR)
 - Doante haploidéntico
 - Doante non emparentado con a lo menos unha discordancia en un dos catro locus de xenos HLA (HLA-A, -B, -C e -DRB1)
 - Uso de sangue de cordón umbilical
 - Uso de enxerto con depleción de linfocitos T ex vivo
 - Enfermidade de enxerto contra hóspede (EICH) de grado 2 ou superior que exige o uso de corticoides sistémicos (dose maior ou igual a 1 mg/kg/día de prednisona ou doses equivalentes doutros corticoides)
 - Pacientes con enxerto pobre, con presenza de a lo menos dúas citopenias importantes (Hb <100 g/l, plaquetas <30x10⁹/l, neutrófilos <1x10⁹/l) durante máis de dúas semanas
 - Pacientes en quimerismo completo do doante que non presentan EICH

2. Profilaxe da enfermidade por citomegalovirus (CMV) en pacientes sometidos a transplante renal:

En adultos CMV-seronegativos que reciben un transplante renal dun doante CMV-seropositivo [D+/R-] e presenten, a lo menos, un dos seguintes criterios clínicos:

- Pacientes con neutropenia cun recuento absoluto de neutrófilos (ANC) <500 células/ μ l tralo uso doutra alternativa de profilaxe dispoñible .
- Pacientes nos que se documente a presenza de mutacións asociadas a resistencia a outros antivirais empregados na profilaxe do CMV



Consideracións a ter en conta:

- O uso de letermovir debe restrinxirse á indicación aprobada de profilaxe e non ao tratamento da infección activa.
- Polo momento, non se dispón de evidencia sólida que apoie o uso de letermovir no manexo de rescate da infección refractaria por CMV.
- Dada a relevancia clínica das interaccións asociadas a letermovir, deberá realizarse unha avaliación da medicación concomitante.

Esta resolución e comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

